

O ESPIGONCIÑO

BO NADAL

Todos os nenos e nenas merecen al menos un

A GASALLO

Para e
AMOR



Elisa Díaz Villar 2ºA

O ESPIGONCIÑO



O NADAL

Xa é decembro, o mes na que case todo o mundo celebra unha festa á que lle chamamos Nadal, onde a xente debera ser feliz e non sufrir; onde non debera haber guerras nin fame. Habitualmente, reúnense as familias e comen turrón e outras larpeiradas. Logo, polo Aninovo, celebramos a chegada doutro ano. Antes comemos as uvas desexando o mellor para todos.

É unha mágoa que noutros lugares, ou mesmo entre nós, moitas familias, moitos nenos non poden celebrar o Nadal porque non teñen agasallos, comida ou casa. Para eses nenos, coma nós, e para todo o mundo enviamos desde estas páxinas do ESPIGONCIÑO o noso desexo de que os seus problemas teñan solución.

Inoa e Juan Luis 5º A



Editorial.



Sumario.

Novas	5
Os novos alumnos e alumnas	6
O magosto en Educación Infantil	10
A visita dos avós	12
O magosto	20
O día dos xogos tradicionais	21
Día internacional da infancia	26
O colexio: 40 aniversario	28
Entrevista: Mundo	32
Dulce e Ramiro	34
Biblioteca	35
Contos	36
Poemas	41
Obradoiro	44
Pasatempos e humor.	46







Novas.

Reparación do patio exterior.

Durantes as últimas semanas varias persoas do concello estiveron traballando para poñer sumidoiros para a auga de chuva. Así xa non teremos tantas pozas no patio.



Exposición sobre natureza.

Os días 10, 11 e 12 de decembro o alumnado de primaria fumos ver unha exposición sobre natureza , na Casa da Cultura. Foi moi interesante porque coñecemos os parques naturais e moitos animais que viven en Galicia. Tamén aprendimos o importante que é coidar a natureza.



Charlas sobre alimentación saudable.

Houbo no colexio dúas charlas sobre alimentación e saúde, a primeira foi o 27 de novembro , e falou Mercedes, unha doutora do centro de saúde de Cariño. O día 10 de decembro estivo Juan Crujeiras, un cociñeiro famoso que explicou cousas dos alimentos.





Os novos alumnos e alumnas.

SOMOS AS RAS



IVAN



PELOA D



NATHIA



CRISTINA



ALVARO



ANDREA



MELISA





ALEX



MARCOS



MIGUEL



MANA



PEDRO M.

ETI/3A

Alumnos e alumnas de Infantil 3 anos A





SOMOS LOS DINOSAURIOS



SARAT



MARTIN

SABELA



MORFANA



IVARY



PAULA









Alumnas e alumnos de Infantil 3 anos B





O magosto en Educación Infantil





Alumnos e alumnas de Infantil 4 anos





A visita dos avós.

EDUCAZION INFANTIL 5 ANOS

EDUCACIÓN INFANTIL 5 ANOS

VISITA DOS AVOS

VISITA DOS AVÓS

NO MES DE SETEMRO

NO MES DE SETEMBRO

TRABLLMOS A UNIDAD DIDATKA

TRABALLAMOS A UNIDADE DIDÁCTICA

VOA O QLE

"VOLTA AO COLE".

IIAMOS ASO NOS AVO

INVITAMOS AOS NOSOS AVÓS

A BR AO QLE PRA QE NOS QNTRN

A VIR AO COLE PARA QUE NOS CONTARAN

OO EA A UA EOA

COMO ERA A SÚA ESCOLA

KAO LES EAN POS

CANDO ELES ERAN PEQUENOS.

VIÑERO MANOLO E MAISO

VIÑERON MANOLO E MARISOL,

AAAAAAAAAAAAAAAAAAAAAAAAAAAAAAAAAAAA

AAOS D AAAAAAAAAANXO

AVÓS DE ANXO.

IÑJJJJ B-A S VXZB

MONTSE, AVOA DE LUIS.

E JULIO E CARMEN ABOS DE

ALEJANDRO

E JULIO E CARMEN, AVÓS DE ALEJANDRO.

RECORDAMOS O QUE NOS CONTARON

RECORDAMOS O QUE NOS CONTARON:





LUIS : GEP AVEL FE AU A FA PA
QUE MI ABUELA FUE AUSTRALIA

GAO ERA PE IASUEAMATITE
CUANDO PE QUEÑA HERMANA TAMBIEN

S FUF AUSAIA
SE FUE AUSTRALIA

ALEJANDRO : ECSILOCAIBA
QUE LOS CASTIGABAN

LESPNIA NLIBOGODOSONE
PONIAN LIBROS GORDOS EN

LAS MANOS
MANOS

CARMEN : ET SE USO D ROIAS
QUE PUSIERON DE RODILLAS





IVÁN: ABIA A UNOS LIBROS QUE SE
HABIA
LLAMABA ~~RA~~ LAS I AB'AR ALLAS UNO
RAYAS Y HABIA RAYAS
RAYAS ROSIRAL LASTRES
RAYAS DOS Y RAYAS

ELOLED LOSABUELOS DANXOERA
DE
COLE DE

ENKARIÑO REARIVA
CARIÑO DE ARRIBA

YERAY ^{CE} ESCRIBIAN CON PHUMAS I CON TINTA
QUE Y

ALBA: ETTIANONGSOR
QUE TENIAN CONEJOS POR

DDAGA DLAMADBRAS
DEBADO DE MESA DE VERDAD
AAPATILRATTAUNPÑO
PARA LIMPIAR TENIAN PAÑO





MILARA: CETENTA AROCO RUDO

QUE TENIAN ARROZ CRUDO

RAUL: QUE E NO PODIAN BORRAR CON

BORRAR CON

LAUMA (ESTABAN EN PITES UNO

PUPITRES

PLUMA Y

DELANT DOUTRO

DELANTE

DE

DANIEL Y. ESCA EUAS I BTAS E

QUE ESTUDIABAN EN UNAS

LIBRETAS

QUE

XIA NOMOS

HABIAN

NUMEROS

NPJA O AROEOT IAOMS

NO PODIAN BORRAR PORQUE

NO TENIAN GOMA

LASIAS EN DIEA

PIZARRAS

ERAN DE PIEDRA

IAIA

Y NO HABIA

OROR

BORRADOR





MARCOS: AS IES E ARAAS
LAS LIBRETAS SE LLAMABAN RAYAS

O EIALIS

NO TENÍAN LÁPICES

ZOE : CE NO PODIAN ENBORONAR
QUE EMBORRONAR

LA LIBRETA PORCE SI NO
PORQUE

LOS CASTIGABAN

LEONARDO: EIA OIAPED NO SOIA EIOKRDEA

ESCRIBÍAN CON TINTA PERO NO SE PODÍAN EQUIVOCAR

LAURA : ETENIAN EAZAZCLO
QUE

QUE HACERLO

P I EN

BIEN





DAVID: DIBUJABAN NESAS

DIBUJABAN

LIBRETAS DERALLAS

RAYAS

ANXD: QUE TENIAN CON EJOS I

Y

CUANDO LES ARAÑABAN QUE

ARAÑABAN

NO SE ENTERABA EL PROFE

ENTERABA

QUE CALLAVAN LA BOCA

CALLABAN

QUE TENIAN UNA TIZA

QUE SE LLAMABA

LLAMABA

PIZARILLO

PIZARRILLO





SARA: SI DE JAVAN LA PUERTA
DEJABAN
ABIERTA ENTRA BAN LOS
ABERTA

CONESOS
DAN PELIGRO DANAUFACEADO
SI DEJABAN LA PUERTA CERRADA NO

PENOPPO
VENIAN LOS CONEJOS

ALEX

ANTONIO: EE UN VEO TIAU VOS DE OS
QUE UN ABUELO TENIA UNOS CONEJOS

KIARA : TINI NA
TENIAN

ANIAS
ANIMALES
AIO
PATIO

DBRCA
DE VERDAD
PRURA
PARA JUGAR

TINI NA UN
TENIAN
EL S KSIAN
QUE LES CASTIGABAN

NO
CON

L SON LAANO
LIBROS EN MANO

G NO
QUE

TINA
TENIAN

ONA
GOMA





ISTO E DO QUE NOS ACORDAMOS

ISTO É DO QUE NOS ACORDAMOS.

GUSTOUNOS MOITO VER

GUSTOUNOS MOITO VER

AO NOOS AOS NO OESO

AOS NOSOS AVÓS NO COLEXIO.

AAAAAAAAAAAAAAAAAAAAAS OLA BOSA

OLLLLAOAI

GRACIAS POLA VOSA COLABORACIÓN.

ST ARIO ESIMOLO NS

ESTE ARTIGO ESCRIBÍMOLO NÓS

NNNNNNNNNNNNNNNNNO

OEAOR A ASE

NO ORDENADOR DA CLASE.

FOI MOI DIBO

FOI MOI DIVERTIDO!



Alumnas e alumnos de Infantil 5 anos.



Actividades: O Magosto.

O xoves 15 de novembro celebramos o magosto, coma todos os anos. Antes de comer as castañas participamos nos xogos populares e como nos movemos tanto, logo tiñamos moita fame. De todas maneiras estaban boísimas acompañadas dun rico batido de chocolate.

Na clase recordamos que as castañas saen dos ourizos dos castiñeiros, que pinchan moito e para poder asalas os rapaces maiores pícanas para que non estoupen ao cociñalas.

Decidimos investigar si os nosos avós e avoas tamén facían magostos. Preguntamos nas nosas casas e chegamos a conclusión de que naqueles tempos o magosto non se facía na escola senón que se celebraba nas casas coa familia.

As veces xuntábase toda a familia ou só os rapaces para ir ao monte buscar as castañas que logo en moitos casos cocían. Unha vez cocidas, cunha agulla e un fío perforábanse e facían colares, que poñían para saír de paseo e servían de adorno mentres non as ían comendo.

Outras veces asábanse na cociña de leña ou nunha lareira e comíanse con leite e algunhas veces, os maiores, con viño.

Asadas, cocidas ou incluso crúas, que boas estaban!



Alumnos e alumnas de 3º B





Actividades: O día dos xogos tradicionais.

XOGOS TRADICIONAIS


O día dos xogos tradicionais foi o quince de novembro. En cada xogo pasábase quince minutos en total xogamos sesenta e cinco minutos, é dicir, unha hora e cinco minutos. Os xogos foron:

- Brilé, fan falta unha pelota e dous campos. Hai que facer dous equipos e sen saír do teu campo tes que intentar darlle coa pelota aos do equipo contrario a quen lle das coa pelota ten que ir ao cemiterio que está detrás do campo dos contrarios e lanzar desde alí, se lle das a outro do equipo contrario líbraste e o outro vai para o cemiterio e se perdes quedas alí.
- Buxainas, fan falta unha buxaina, unha corda e sítio para baibelas. Hai que tratar de baibelas de pé ou de có pero a cuestión é baibelas.





- Birlos, fan falta unha pelota e birlos. Hai que tratar de, coa pelota, tirar todas os birlos.
- Cordas, fai falta unha corda. Hai que tratar de saltar para diante, para atrás, etc.
- Cadea, fai falta máis de unha persoa. É un xogo de pillar, uno pilla e outros escapan hai que pillalos a todos e cando pillas a un tes que darlle a mano e pillar xuntos.



Paula Pego Campelle 4ºA



XOGOS TRADICIONAIS

O día 15 de novembro facía moito calor e celebrámos no colexio o magosto, e xogamos aos xogos tradicionais:

- Buxaina, que consiste en xirar unha buxaina.
- Birlos, que consiste en derribar os birlos cunha bola.
- A comba, hai que saltar a corda sen tocalle.
- A cadea, hai que pillar a xente e formar unha cadea longa.
- Bulé, consiste en dar a os do outro equipo, se o consigues gañas.

Xogamos unha hora e cuarto e a cada xogo quince minutos.

Pablo López Martínez

Xogos tradicionais no Magosto

O día 15 de novembro celebramos a festa do Magosto no colexio. Era un día caluroso.

As once menos cuarto baixamos todas as clases a celebralo.

Os da miña clase xogamos nos campos a varios xogos. Primeiro á buxaina, que é unha peza de madeira con forma cónica que se baila cunha corda. Logo xogamos aos birlos que son uns bolos que hai que tirar cunha bola. A continuación xogamos ao bulé, formamos dous equipos e tínhamos que darnos co balón. Tamén xogamos á cadea, atrapándonos uns aos outros ata formar unha gran cadea, o que queda fóra ata o final, gaña. Por último xogamos á comba, que é saltar cunha corda.

Foi un día moi divertido.

Ilvoro Orisales Martínez 4-A





Buxainas



Pablo L.




Noa

Birlos



50 20 10 5



Adrián




Diega



Alvaro

Brilé



IKER
PABLO

Tasier



Pablo Noa





A Cadea



Noemí

Cadea



Alvaro



A corda



Luisa

A corda



Sergio Oscar Tanguito



Yamira

CORDA

INO

As alumnas e os alumnos de 4ºA

Alumnos e alumnas de 4ºA





Actividades: Día Internacional da infancia

DÍA INTERNACIONAL DOS DEREITOS DO NENO

Os dereitos humanos son os dereitos que temos todas as persoas. Os nenos temos os mesmos dereitos ca os adultos.


A Declaración dos Dereitos do Neno foi proclamada pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas o día 20 de novembro de 1959.

Estes dereitos son dez e pensamos que non ven mal recordalos:

1. Dereito á igualdade sen distinción de raza, credo ou nacionalidade.



2. Dereito a unha protección especial para o seu desenvolvemento físico, mental e social.



5. Dereito a unha educación e condicións especiais para os nenos físicos ou mentalmente diminuídos.

6. Dereito á comprensión e amor por parte dos pais e da sociedade.






4. Dereito a disfrutar dos xogos



Dereito a ser o primeiro en casos de desastre



9. Dereito a ser protexido contra o abandono e a explotación no traballo.



10. Dereito a formarse nun espírito de solidariedade, comprensión, amizade e xustiza entre os pobos.

OS NENOS/AS SOMOS O FUTURO: COÍDANOS!!!

Alumnas e alumnos de 6º A



O colexio. 40 aniversario.

O título orixinal desta aportación era *Historia do Colexio*. Á hora de definir un método de traballo para este propósito pensamos que para nenos de once anos era certamente complicado escribir sobre algo do que eles son protagonistas actuais pero non históricos. Unha simple reflexión levounos ao convencemento de que os actores principais desta aventura eran aqueles que no pasado recente -corenta anos en historia é un suspiro- si viviron este tempo pretérito. E que mellor que as nais e os pais? Xa sabemos que non todos os pais dos alumnos actuais pasaron polo Centro, pero si unha cualificada maioría. Así que se trataba, xa que logo, de recoller experiencias de protagonistas principais, antes alumnos e hoxe nais ou pais. As aportacións, polo que teñen de vivencias reais, son valiosísimas e dignas de gratitude. Seguindo o libro de estilo dalgúns periódicos deberíamos dicir que o xornal escolar non se fai responsable das opinións que aparecen neste traballo e que, como vivencias persoais, son subxectivas, así como as opinións cuestionables; pero son tamén sinceras e espontáneas, ao tempo que resultan colaboracións moi positivas, entre moitos motivos porque non é habitual que nesta publicación aparezan os pais como autores. Por outra banda, ninguén ten dereito á censura previa. Estas son as historias que nos contaron nais e pais de alumnos de quinto, outrora eles mesmos alumnos deste Colexio.

O titor.



Os meus anos no Colexio lémbroos con ledicia e unha pouca de nostalxia, pois co tempo vanse perdendo moitas cousas e todo cambia.

O primeiro curso empezámolo un pouco nerviosos porque todo era novo para nós pero a profesora logrou calmarnos, o que non era fácil pois eramos trinta alumnos. Pero ela soubo comportarse e foi unha excelente profesional. Ao principio chocoume un pouco porque era algo maior, pero Pilar Sánchez fixo que o curso fora divertido pois era unha persoa moi doce que sabía tratarnos ben. Ao ano seguinte, en segundo curso, volveunos tocar a mesma profesora pero ese non foi o desgusto, senón que tivésemos que estar na mesma aula, pois nós queríamos cambiar de clase, xa que todo o mundo o facía. De nada nos serviu e pasamos alí outro ano máis.

Logo, en terceiro, xa si cambiamos de aula e de profesor. Alí tivemos a Xosé Lois, que se convertería no noso profesor durante terceiro, cuarto e quinto. Non foi mal profesor, so que era un pouco burlón cos alumnos e, ás veces, non sentan ben as bromas sendo nenos. O mellor deses tres anos eran o Entroido e as





excursións, pois con el pasabámolo xenial. O Entroido era o mellor, pois disfrazabámonos todo o Colexio (por aquel entón eramos moitos máis nenos) e percorríamos toda a estrada xeral e, de volta, polo Lavadero, a Laguna e ao cole, era moi divertido. Logo tamén houbo un par de veces que fomos ver ao Deportivo. Sen dúbida, unha experiencia marabillosa.

En sexto tiven de titor a un profesor que impartía clases de Relixión. Ese profesor era Salustiano Pedre. As lembranzas que teño son os tiróns de orellas que daba e a súa mítica frase "ponte de xeonllos", anque a verdade era que non era fácil con trinta persoas montando balbordo. Creo que todos os seus profesores teñen o seu mérito.

O sétimo curso, para min, foi o mellor, pois contabamos cunha das mellores profesoras e titora: Berta. Impartía clases de inglés pero tamén foi a nosa titora. Ela era a ledicia, pois, con ela, todas as clases resultaban agradables e o que nos parecía difícil ela facíanolo fácil. Aínda hoxe lembro as súas clases, contándonos anécdotas e ríndonos, e, cando nos decatábamos de que xa era hora de rematar, aínda non tiñamos dado o tema. Pero o máis triste foi cando me comunicaron que morrera. Esa noite non puider durmir, pois non podía deixar de pensar no inxusta que era a vida. Por que se tiña que ir unha das mellores profesoras e persoas que coñecía? Pero a vida era así.

No derradeiro curso, o oitavo, a miña titora era Dulce, unha muller á que respectabamos e que nos daba un pouco de medo polos comentarios que se facían. Pero a pesares de todo non foi tan mala e con ela saquei as mellores cualificacións en lingua, materia que impartía. Nese curso, e en Sociais, tiñamos tamén a Benigno. Era un profesor que nos atemorizaba porque era moi estrito cos castigos e coas copias. Máis dunha vez deixoume sen coller o autobús.

Canto ao director do Centro, por aquel entón, era Carlos Miranda. Sen

dúbida, un bo director pois aínda que algunha vez visitei o seu despacho nunca tiven grandes regañinas e non era tan desagradable estar alí, pois facíao ameno. Como profesor era tamén un dos mellores con Roberto Lage, pois os dous facían as clases máis amenas coas súas bromas e os seus contos. Carlos tiña a súa maneira para que entenderamos as cousas, explicábaas coma se estivésemos xogando e así resultaba fácil lembralas.

Como anécdota podería poñer moitas, pero agora venme á mente cando houbo unha ameaza de bomba. Entón saímos do recinto por se era verdade. Os maiores estaban asustados. Nós, os pequenos, non, pois así non se impartían clases. Ao remate, todo resultou ser unha falsa alarma.

Hai moitas cousas que se me ocorrerían pero non imos estendernos. Teño que lembrarme de Mundo, aquel home bo que nos avisaba porta a porta que maíos ao recreo, ou que era a hora de saír. Nunca nos rifaba e se caíamos levábanos á súa sala de curas particular (o taller). Alí tiña o seu botiquín e curábanos, tanto co que había no botiquín como coa súa simpatía. Sen dúbida, un bo conserxe.

Os anos que pasei no Colexio había clases pola tarde. Iamos xantar á unha e ás tres voltabamos ao Centro ata as cinco. Foron uns anos de ledicia e diversión mesturados coa tristura dalgunhas perdas que, aínda hoxe, me crean certa saudade.

Pais de Juan Luis Fraguela

Repasando a historia do noso paso polo Colexio habería moitas cousas que contar pero nin hai espazo nin a memoria dá para tanto.

Cando empezamos no Colexio tiñamos 6 anos. Non había E. Infantil e eramos máis de 800 alumnos. As clases estaban cheas de nenos e nenas. O patio estaba descuberto polos lados e había





dous tobogáns, unhas barras e unha chea de area para xogar. O río Cheirón pasaba polo lado e os nenos íámonos meter nel. Logo viñamos cheirando para a clase. Había moitos pinos e tamén nos colgábamos neles e metiámonos nun charco xigante que estaba no fronte do Colexio. Mollabámonos todos, claro. No recreo había moitas pelexas e alá iamos todos correndo velas ata que Mundo nos pitaba para irnos para dentro. Iamos pola mañá e pola tarde á escola e os nenos da Pedra ata Feás ían comer ó comedor. No recreo tamén nos colgábamos do pino que, despois de tantos anos e sufrimentos, aínda está aí. Moi fermoso, pero pasouno mal con nós.

Poderíamos falar dos profes. Había de todo pero gardamos mellor os bos recordos que os malos, porque había de todo, uns moi bos e outros non tanto. Pero por agora nada máis, se non estaríamos ata mañá. Feliz Aniversario.

Pais de Inoa Armada

O meu paso polo Colexio ensinoume a ler, a escribir e a falar. Tamén aprendín a ser compañeiro de todos. Xogabamos ao fútbol, ao baloncesto e a moitos xogos máis. Lembro xogar na selección de fútbol-sala do Colexio e irmos xogar a outros (Cedeira, San Sadurniño, etc.) Cando chegaba o Entroido disfrazabámonos todos na aula e pasabámolo en grande. Foi unha experiencia moi boa.

Que dicir das miñas experiencias no Colexio? Penso que se me poño a relatar non me chegaría esta cuartilla, pero vou poñer o que eu máis destacaría.

Lémbrome daquelas clases de Naturais con Ramiro nas que nos levaba ao Laboratorio e faciamos aquelas sesións co microscopio, onde viamos tantas cousas que nos asombraban. Tamén daquelas clases de ximnasia na que tanto xogabamos a aqueles deportes nos que faciamos equipos e ligas, nas que nos gustaba gañar, sobre todo se

viñan doutros colexios.

E que falar da hora do xantar naquel comedor onde nos reuniamos e tantas paroladas botabamos, aínda que, ás veces, nos enfadabamos cando nos daban para xantar algo que non nos gustaba e nós estabamos obrigados a comelo. Ai! Pero cando xa iamos grandes como nos gustaba facer de camareiras e dicirle aos pequenos que tiñan que comer de todo.

E aquelas celebracións: o Nadal, as Letras Galegas, o Magosto, facer O ESPIGONCIÑO...

Ben, con isto quédome. Espero ter aportado o meu graño de area para celebrar este corenta aniversario do noso Colexio, agora dos nosos fillos.

Un saúdo.

Pais de Esther Fraga.

Eu, como alumna do Centro, e agora como nai, teño moitas lembranzas moi fermosas do cole. Sobre todo dalgúns profesores que foron os meus titores e, en especial, dunha que nunca esqueceré, xa non só como mestra, senón como unha grandísima persoa; e era a miña titora de 7ºD -Berta-. Iso é algo que cambiou moito no cole: o número de aulas e de alumnos que eramos.

No cole empezamos en 1º de EXB e acabamos en 8º ata que chegou toda esta reforma. Tamén tiñamos outro horario: comezabamos ás 10 e saíamos á 1 ou 1 e media, agora xa non lembro moito, e volvíamos pola tarde de e a 4:30 ou 5. Agora parece que pasaron séculos, polo moito que cambiaron as cousas, pero tiñamos uns costumes que non se deberían perder, como a do flúor: dabannos a todos un vasiño para previr as caries e tamén lémbrome moito dos cartóns de leite que tamén nos daba o Colexio e aproveitabamos para beber no recreo. Cambiou moito: a zona do recreo era inmensa ou eu lémbroo tan grande porque era máis pequena.

E isto é do que me lembro agora,





así por riba, pero o que máis me gustaría destacar e o que máis me marcou nesa época do colexio é ese vínculo que se crea profesor-alumno porque nunca poderei esquecer o importante que foi para min e o que me marcou a miña profesora -Berta-. E coma min eu sei que a maioría dos meus compañeiros sentímonos moi agradecidos e con moita sorte de nos atopar con persoas así, que se involucren tanto na súa profesión e que fixo que o Colexio nos deixara a todos moi orgullosos.

Pais de Alicia Dorado



Hai corenta anos que estrenei o Colexio e na miña lembranza queda que xogabamos moito e podíamos saír ata a praia. Había randeas, tobogáns e anillas diante do comedor e cando saíamos xogar lonxe Mundo, o conserxe, asubiábanos. Tiven unha gran sorte de poder xantar no comedor. A cociñeira era a muller de Octavio de Sismundi e mais a sogra do conserxe. Logo veu Marujita, a muller de Mundo. Lémbro que había unha cabana onda o río e mais un piñeiral. Por certo, que ben o pasabamos xogando. Para entrar de novo ao cole chamaban cun silbato.

Os profesores eran Carmen Peña, Arturo Pía, Teresa e as aulas estaban abarrotadas de alumnos. Los libros non era como agora: recollíalos en conserxería.

Empecei na escola no ano 1980, máis ou menos. Para min o Colexio ten cambiado moito. Lembro que estaba pintado de azul. Eu debín comezar en terceiro ou cuarto. A verdade é que o pasei moi ben e teño moitas lembranzas. O que máis boto de menos é o comedor, xa que nos xuntabamos alí todos os compañeiros e era unha forma moi boa de aprender a comer de todo.

Lembro que en cada aula eran uns trinta longos de alumnos. Na entrada había unha mesa que era do director Filiberto e onde está hoxe Juan estaba antes Mundo. Lémbrome tamén dunha aula na que se facían cousas de escaiola e debuxos nun espello. Tamén me lembro vagamente do laboratorio e como esquecer o quiosco de Carne, no que, cando saíamos ao recreo, podíamos mercar un bocadillo. Lembro tamén de varios mestres, dos que algúns non están xa entre nós. Ramiro, que daba Ciencias Naturais, Dulce, José Luis, Benigno, Carne de Mera, Pili, Arturo, Salustiano, que daba Relixión, D^a Mérita Trinquete (Sismundi). Lembro tamén que a entrada do Colexio era por onde estaba a caldeira, mellor dito, detrás da casa do conserxe. Poñíámonos en fila e só entrabamos polo patio cando nos tocaba o curso de 4^o, que entrabamos polo patio por medio dunhas escaleiras. No comedor había mesas nas que nos sentabamos catro ou cinco. Tamén comían algúns mestres e as mesas servíanas os alumnos de 8^o, xa que eran os maiores. Lémbrome daquel arroz branco cun ovo e tomate. Por certo, nin o arroz nin o tomate sabe igual hoxe. A verdade é que a comida estaba moi rica.

Así son as miñas lembranzas, moy boas. Tamén, o trato cos mestres era bo; ademais, tiñamos máis respecto que hoxe.

Pais de Antía Pérez





Entrevista: Mundo, o primeiro conserxe.

Mundo foi o conserxe do colexio durante 30 anos, nesta entrevista vai falarnos da historia do "escolar".



1.- A que anos empezaches a traballar no colexio?

Aos 38 anos.

2.- Cantos anos traballaches neste?

Uns 30 anos.

3.- A que colexio fuches ti?

Fun a un que lle chamaban "O Pósito", que algúns coñecen como "O Teleclub", que está no Campo pequeno.

4.- Nunca te cansaches de facer o teu traballo?

Non. Había días que me quedaba con algúns mestres e mestras ata a noite traballando coa multicopista, elaborando o periódico escolar, xa que estas máquinas eran moito máis lentas que as de agora; e eses días chegaba esgotado, pero non por iso me cansaba de facer o meu traballo.

5.- Encargábaste de avisar ti porta a porta en tódalas aulas á hora de saída e para o recreo?

Algunha vez esquecéuseche algunha por avisar?

Non ía porta a porta, se non que tocaba un chifle dende as escaleiras, e se algún mestres ou mestra non o escoitaba, daquela si que tiña que ir á porta a chamalos para saír.

6.- Os nenos en xeral falábanche? O facían con respecto?

Si. Antes ó ser máis maiores e ser tanto, pois algún había máis gamberro, pero en xeral si que me falaban con respecto.

7.- Resultábache esgotador que o colexio tivera tantos nenos, nenas e aulas?

Esgotador non, había que traballar máis, pero resultaba divertido.

8.- Vivías no colexio?

Vivía. Non no colexio, senón na casa que hai ao lado.

9.- Hai anos había un comedor, cociñabas ti no comedor? Senón, quen o facía?

Non, eu non cociñaba. Había unha cociñeira, e tamén estaba a miña muller de axudante de cociña. Os alumnos maiores, daquela os de oitavo, eran os que poñían as mesas, e eu axudaba a recoller e limpalas.





10.-Aínda agora, es un manitas?

Bueno...as mans xa non son as mesmas, pero aínda me gusta facer as miñas cousas.

11.-Cal foi a mellor anécdota que recordas?

Pois algo que aínda moitos recordan, era que había un pastor alemán e puxen carteis polas portas do recinto indicándoo. Pois resulta que logo, xa pasaran cinco anos que morrera o can, e aínda existía para moitos!!porque os carteis seguían nas portas. Tamén houbo algún mestre que se levou un bo susto con el.

12.-Daquela traballaban Ramiro, Dulce,... entendíaste ben con todos eles?

Si, eran boa xente, e iso que daquela eran moitos mais mestres.

13.-Cando te fuches, estabas triste?

Funme feliz e ao mesmo tempo triste, xa que eran moitos anos traballando no mesmo sitio.

14.-Que aficións tes agora que estás xubilado?

Teño tantas...ir pescar, antes andaba á pesca submarina, ir ás setas, tamén teño un taller na casa onde fago manualidades,...

15.-Cambiou moito o colexio con respecto a hoxe?

Si, o edificio case e o mesmo, pero cambiou. Antes non había serea, agora hai ordenadores, internet,...

16.-Pois tamén nos van a poñer un ascensor!!

Pois iso si que xa hai moito tempo que se leva reclamando, xa daquela. Había alumnos en cadeira de rodas ou en muletas, e o que se facía era cambiar as aulas deses alumnos á planta baixa, e alí facían toda a etapa, dende 1º ata 8º .



Alumnos e alumnas de 6ºB





Dulce e Ramiro

Forman parte da historia do Colexio e eles mesmos son parte destacada, significativa, prolongada no tempo e definitoria nos rasgos de identidade que caracterizan a esta institución. E se nun xornal que é, na practica, case un monográfico, xa tiñan que figurar por dereito propio pois eles levan participado desde sempre na realidade que constitúe esta comunidade educativa, este dereito acrecéntase polo feito de pasaren a unha máis que merecida xubilación.

Dulce e Ramiro xa non forman parte do Claustro de Profesores do Centro. Precisemos: non pertencen administrativamente ao sector dos profesores pero a súa presenza e a súa herdanza permanecen. Ela marchou co remate do curso pasado e Ramiro a penas comezou o presente. Para o autor destas liñas a súa ausencia vén significar un baleiro case imposible de encher. Son moitas horas, moitas xornadas compartindo actividades, iniciativas, proxectos, ilusións; tamén tristezas... Reflexar o paso de Ramiro e Dulce por este Colexio é como poñer a miña executoria profesional e unha boa parte da persoal ante un espello e atoparme cunha imaxe na que sempre me vexo reflexado na compañía destes dous compañeiros e amigos.

A vida das persoas e das institucións é coma un libro por capítulos. Na historia deste Colexio hai persoas que, pola brevidade do seu paso ou pola lixeireza da pegada que deixaron, non deixan de ser máis que simples notas a pé de páxina da historia. Outras, en cambio, adquiren unha dimensión que os fai protagonistas de capítulos enteiros. Son os que escriben, protagonizan e fan posibles os acontecementos. Son consciente de que a miña opinión pode estar mediatizada por un cariño que recoñezo e que me enorgullece. Un cariño que eles teñen ben gañado e que sei mutuo. Sen ánimo de esquecer tantas e tantas persoas que son merecentes deste recoñecemento, o que constituiría unha gran inxustiza, debo manifestar que Dulce e Ramiro teñen ben gañada a consideración deste protagonismo, e quero deixar constancia pública deste mérito. Compartín con eles durante moito tempo a paixón de educar e podo afirmar con coñecemento de causa que moitos dos proxectos foron, posteriormente, felices realidades grazas á implicación de Ramiro e Dulce. Unha parte importante da que pode depender o fracaso ou o éxito da actividade educativa ten moito que ver coa realidade interior, as relacións e a vida dos centros escolares. Dulce e Ramiro participaron activamente no enriquecemento desta realidade, fixeron que as relacións humanas foran afectivamente positivas e, o que é tan importante, deixaron semente e inercias. Aos que seguimos neste traballo correspóndenos facer froitificar a semente e manter as inercias. E a min, humilde intérprete dun sentimento que dubido se saberei transmitir, unicamente me queda deixar constancia da miña gratitude e seguir disfrutando dunha amizade que tanto me gratifica.



Ata sempre, Dulce. Ata sempre, Ramiro.

Carlos Miranda





Biblioteca.

Ao longo do primeiro trimestre programamos actividades motivadoras para que os nenos acudan á biblioteca. Para conseguir isto, aproveitamos as celebracións e a partires delas, programamos as actividades para todo o colexio inda que agora contamos con menos tempo para a preparación das actividades ao suprimirse o tempo adicado a dinamización da biblioteca.

Unha delas foi a celebración do Día da Biblioteca. Comezamos elexindo o libro titulado Vermíño e preparando a súa dramatización. Así, chegado o 24 de outubro á saída para o recreo, Multileo recibe aos nenos no hall de entrada. Alí poden estar lendo os libros que baixou Multileo.

Despois do recreo no salón de actos procédese á lectura dramatizada do conto.



As fotos deste día podes velas na galería de fotos da páxina web docolexio e tamén se gravou o conto e, coas fotos, elaborouse video que podes ver no blog da biblioteca <http://www.edu.xunta.es/centros/ceipmanuelfraga/taxonomy/term/167>

Agora para o Nadal, Multileo terá un agasallo para os máis lectores.

Un feliz Nadal para todos!




















Contos.

CONTO: "Disputa entre froitos" 3ºA

Érase unha vez dous grupos de froitas: uns eran carnosos, é dicir, eran brandos por dentro e estaban cubertos por unha pel algo fina, os outros eran secos, máis duros e algúns con cascara.

Estaban na época do outono, e algúns caían das árbores, como as follas, e a outros recolleíalos en cestas ou sacos.




Un día os carnosos, que eran: a calabaza , a maná , a laranxa , a pera , e a mandarina , o figo , o limón , a piña , as uvas , e a granada , enfrontáronse aos secos: abelás , lardón , nozes , améndoas , castañas , dicíndolles que eles estaban máis ricos porque eran máis tenros.








A xefa dos carneros, a cabaza (que fora elixida por ser a máis grande de todas), rebelouse contra a landra (que era a xefa do outro grupo por ter unha boina enriba da cabeza) e comezaron a discutir:



 - Somos máis doces e deliciosos ca vós! E a landra repúscase:

 E nós somos máis duros e fortes!


 A cabaza alumeáronselle os ollos e gritou:
- Pero o noso grupo ten maior tamaño e poderíamos derrotaros!!

 Entón, a landra calmou os ánimos:
- A ver! Temos que chegar a un acordo...






-É absurda discutir. Non vos parece?


 - Miso tes razón! Se os dous bandos somos da mesma estación, por que estamos a pelexar?

 - Que tal se todos somos do mesmo grupo?

E a cabeza, xa máis calmada, respondeu:

 - Vale! paréceme ben, temos que entender que todos somos iguais, respectarnos aínda que seamos grandes ou pequenos, carnosos ou secos, brandos ou duros!

... E ao final os dous grupos fixeron as paces, e decidiron ser un só gran grupo de outono! FIN



Alumnas e alumnos de 3ºA






PAPÁ NOEL E AS FROITAS

Papá Noel estaba no Polo Norte e xa ía saír repartir os agasallos como fai todos os anos nestas datas. De repente, saltou unha árbore con froitas e lle dixo:

- Proba as miñas froitas.
- Que dixeches? – dixo Papá Noel.
- Que probes as miñas froitas – respondeu a árbore.
- Pero, se no Polo Norte non hai árbores !!!! –exclamou Papá Noel.
- Xa, pero eu son unha árbore máxica.
- Bueno, pois vouñas probar, pero vaime levar tempo porque tes moitas.

Así o fixo, e cando rematou, Papá Noel exclamou:

- Anda, que forte estou!!! Agora xa vou repartirles os agasallos aos nenos e ás nenas e ademais deixareilles dúas froitas para que medren sans e fortes.



David Sierra Fragueta.

XOGOS DE FROITAS

O señor plátano e a señora mazá estaban xogando cos seus amigos o kiwi, o amorodo, a uva, o melocotón e a pera á pelota porque lles gustaba a vida sa. Todos os días o plátano e a mazá, xunto cos seus amigos, facían exercicio para que cando os nenos comesen froitas crecesen sans.

Tatiana Rey Pereira.

A LARANXA VERDE

Había unha vez unha laranxa que era de cor verde. Estaba moi triste e non quería saír xogar cos seus amigos. Ela quería ser de cor laranxa, como todos os da súa familia. Foi crescendo e dándose conta que tiña que saír ao sol. Pronto se puxo de cor laranxa e coñeceu a outros amigos. Xa estaba contenta e puido xogar con eles.

Ainoa Villar Ramos.

Alumnas e alumnos de 2ºB





O POBO QUE NON CELEBRABA O NADAL

Fai moito tempo había un pobo chamado Pobo Arcilla no cal non se celebraba o Nadal ,por iso os nenos estaban moi tristes.

Unha nena, chamada Aura ,foi dar un paseo polo monte,alí atopouse cun trasno chamado Millo,que estaba en perigo porque o perseguía un raposo .Aura ,cando o viu,foi en axuda do trasno e salvouno. O trasno Millo estaba tan agradecido que lle concedeu á nena tres desexos.

Aura regresou ao poboe díxolle a os seus amigos o que lle acontecera co trasno Millo,os seus amigos díxéronlle que pediría moitos xoguetes, Aura dixo que si ,pero primeiro pediría que se celebrase o Nadal no Pobo Arcilla. Ao final todos quedaron moi contentos pois celebrarían o seu primeiro Nadal grazas a Aura,o trasno Millo e o raposo.

Ana Isabel 4ºB



CONTO DO NADAL

Fai moitos anos nun pobo galego vivía un neno chamado Antón. Antón estaba moi triste porque chegaba o Nadal e non ía ter xoguetes. Un día ,paseando polo bosque ,atopou un vello sentado ao pé dunha árbore e díxolle :-Ola Antón ,Chámome Noll estou vello e teño moita fame .Antón mirou na súa bolsa e atopou un pedazo de pan e deullo ao ancian. O ancian díxolle:-Grazas por ser tan bo ,xa sei que que non tes nada mais para ti pero xa verás que que recibirás unha recompensa. Antón foise para a casa. Ao día seguinte era o Nadal e Antón ,sorpresa,veu moitos regalos e acordouse ...O ancian Papá Noel agradecéralle a súa xenerosidade .



Iván 4ºB





Poemas.

Nenos e nenas de primeiro



Saudable Nadal

para todos!





RIMAS PARA AS FROITAS DA ÁRBORE



A laranxa é boa para o catarro da avoa.

*A mazá amarela
é para Carmela.*



Papá comeu unha mazá.

**A Daniela a mazá
gústalle pola mañá.**

**Come un plátano Carme
que lle sabe a carne.**

A pereira está na eira.

**O plátano é amarelo
e dá gusto comelo.**

**Martina
comeu unha mandarina.**



**Esta pera
é a repera**

**Pedro esta mañá
asou unha mazá. O plátano de David
comprouno en Madrid.**

**O plátano ten potasio
e quere comelo Nicasio.**

**Come un plátano Carme
que sabe a carne.**



**A mandarina
danos vitamina.**

**A pera
chegou coa marea.**

**Nico comeu unha pera
que era lmonera.**

Alumnas e alumnos de primeiro.



ACÉRCASE O NADAL

Por fin acércase o día
xa nos lembramos,
Papá Noel xa vai
Cos seus renos voando.
Cargou os seus trinos
con agasallos moi bonitos.
Que bo!Din todos
ata os mais ricos.
Este ano compartirei
os meus xoguetes cos pobres
sacarei da miña habitación
todo o que me sobre.
Que árbore tan fermosa!
Brila con tantas luceciñas
e debaixo dela
todo cheo de caixiñas

NEREA COUTO 4ºB



Os nenos e nenas de 4ºB
querémosvos desexar
unhas moi "Felices -Festas "
a todos, e un "Bo -Nadal"!!
Que o ano vindeiro, 2013
nos traia boas novas,
moita harmonía e paz...

OS NENOS/AS DE 4ºB

*Eu son Nerea,
traballadora sen espera.

*Chámome Pablo
e cumpro co meu traballo.

*Pois eu son Tico
pouco centrado ,repito...

*Eu son Alex
e son un vivales.

*Chámome Sabela
e traballo con cautela.

*Pois eu son Marta
e todo me espanta.

*Eu son Daniel
e resolvo con moita rapidez.

*Chámome Ana
e preocúpome toda a semana.

*Pois eu son Carlos
forte falo,se non calo.

*Chámome Iván
e traballo con afán.

*Eu son Eric
rápido como un fénix.

*Pois eu son Laura
curioso traballo e con pausa.

*Chámome Antía
E distraígome cada día...

Nenos/as de 4ºB




Obradoiro.

IMAXES VITAMINADAS



NENO CON PELO ROXO




AS NOVE NO RELOXO



FLOREIRO CON FLORES



LENTELLAS, AS MELLORES



GOLFIÑOS NO ACUARIO



SALTO DE GOLFIÑO CON ARO






CABAZA DE SAMAÍN



SEMÁFORO ESTROPEADO



PASEO CON PARAUGAS



HOME Á AUGA!



COLORIDO TUCÁN



OS NENOS QUE O FAN

Alumnos e alumnas de 2º A





Pasatempos e humor.

*Adiveiñas: Quen son? Que froita será... que vitaminas, minerais e fibra nos da? pista: unicamente na nosa mural e apararás!


Dous bebelés teño,
e se me abres,
verás que ben os manteño!
Quen son?.....

Son curmá da laranxa
e dentro teño filliños moi
iguallitos. Quen son?.....

Teño pelexo coma a xente
e son moi boa para comer.
Chego polo mes de Santos
e todo o ano me tes.
Quen son?.....

Son gordexa e dentro levo
filliños moi redondiños.
O meu nome tamén pode ser
de cidade. Quen son?.....

Teño un caparazán, eche
de cor marrón, e por dentro
son branquiña coma a cor
dunha piña. e se non sabes
o que son preguntalle a unha
arohilla. Quen son?.....



3ªA

Alumnas e alumnos de 3ªA





ADIVIÑA

Pola mañá, estou rica e ben fresquiña;
á merenda son doce e douche enerxía.
A ver se adiviñas quen son, pero...
Ten coidado e non me exprimas !!!!

Julián Lozano Vila de 2ºB

CHISTES


Unha formiga foi ao cine e sentouse detrás dun elefante. E a formiga como non vía sentouse diante do elefante, e díxolle:

-A que molesta!.

Como estornuda un tomate?


-Kepchuuu!

Laura Trinquete Rubido 4ºB













Colorea....



O ESPIGONCIÑO



0 ESPIGONCIÑO



Patricia Pita Correa (Infantil 3 anos B)



Subvencionado pola
Consellería de Educación e O.U.
Secretaría Xeral de Política lingüística